En función dos resultados da avaliación inicial tomaranse as medidas oportunas, como pode ser a realización de máis actividades de reforzo para determinados alumnos, con vistas a acadar un desenvolvemento educativo adecuado dese alumno.

8.2. AVALIACIÓN CONTINUA

8.2.1.- Instrumentos e procedementos de avaliación

Dado que a avaliación é un proceso continuo e integral que informa sobre a marcha da aprendizaxe, iranse recollendo o maior número de datos posibles ao longo do desenvolvemento das diferentes unidades didácticas. Para iso, teranse en conta os seguintes **instrumentos de avaliación** (no nome do título de cada instrumento indícanse entre parénteses e cursiva os termos utilizados nas táboas do punto 6 deste documento para referirse aos instrumentos de avaliación):

- Probas escritas (*Proba escrita*) e orais (*Proba oral*)
- Observación:
 - ✓ Esfuerzo e traballo na aula (*Trab. aula*)
 - ✓ Tarefas desenvolvidas na casa (*Trab. casa*)
 - ✓ Interese pola materia (*Inter.*)
- Producións do alumnado: Caderno de clase (*Cad.*) e caderno de laboratorio (*Cad. laborat.*), traballo de investigación grupal (*Trab. Grupo*).

Probas escritas (*Proba escrita*) e probas orais (*Proba oral*)

- Probas escritas. Realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por avaliación que serán valoradas cunha puntuación comprendida entre 0 e 10 puntos.

As probas escritas serán obxectivas e incluírán variedade de exercicios: de completar ocos (útiles para indicar aprendizaxes simples, xa que inclúen preguntas que deben contestarse cunha palabra, cun número ou unha frase), de preguntas de verdadeiro/falso, de emparellar (caracterizadas por preguntas que inclúen dúas columnas para que sexan relacionadas), de resposta breve (útil para avaliar feitos, conceptos ou principios e que poden formularse en forma de pregunta ou de xeito afirmativo e o estudante debe escribir unha resposta breve), de selección (caracterizada por preguntas que inclúen frases seguidas de varias opcións entre as que se selecciona a correcta), e de xerarquización (serven para evidenciar a capacidade de observación, reflexión e asimilación do estudante e inclúe preguntas con varias proposicións que o estudante deberá ordenar cronolóxica ou lxicamente).

A nota deste apartado será a media numérica obtida nas distintas probas, non facéndose media se a nota dalgunha destas probas é inferior a 3 puntos.

- Probas orais. En determinadas sesións o docente fará preguntas breves sobre contidos recentes vistos na unidade didáctica actual a determinados alumnos, para comprobar que o alumnado vai traballando ao día coa materia e repasando e afianzando os coñecementos pouco a pouco, sen deixar o estudo da proba escrita para o último momento. Cada día que o alumno sexa preguntado recibirá unha puntuación de 0 a 10.

A nota deste apartado será a media numérica obtida entre os diferentes días nos que foi preguntado.

Observación (*Obs.*)

O docente valorará tres apartados diferentes, cada un cun peso específico:

- Esfuerzo e traballo na aula (*Trab. aula*). Para a súa avaliación, empregarase unha rúbrica. Notas posibles: 10, 7.5, 5, 2.5, 0. O alumnado parte o inicio da

avaliación cunha nota de cero neste apartado, as notas conseguiranse do seguinte xeito:

- Non realización de ningunha das actividades e non toma de apuntes de forma autónoma non levando o caderno o día. 0.
- Realización dalgunhas das actividades que se lle propoñen e non toma de apuntes de forma autónoma non levando o caderno o día . 2,5.
- Realización de todas as actividades que se lle propoñen e non toma de apuntes de forma autónoma non levando o caderno o día. 5.
- Realización da maioría das actividades que se lle propoñen e toma de apuntes de forma autónoma levando o caderno o día. 7,5.
- Realización de todas as actividades que se lle propoñen e toma de apuntes de forma autónoma levando o caderno o día. 10.

Para observar si o alumnado ten o caderno o día o profesorado pode solicitar en calquera momento o caderno, sen ter en conta tódolos aspectos do apartado “Presentación do caderno” para o cal se fixará unha data de presentación.

- Tarefas desenvolvidas na casa (Trab. casa). Como no caso anterior, empregarase unha rúbrica. Notas posibles: 10, 7.5, 5, 2.5, 0. O alumnado parte o inicio da avaliación cunha nota de dez neste apartado, por cada dous días que non teña feitos os exercicios descontaranse 2,5 puntos da nota (así con 4 días sen facer os exercicios obterá neste apartado unha nota de 5 sobre 10).
- Interese pola materia (Inter.). O docente valorará os seguintes aspectos do alumno: a actitude referente á materia, se contestan correctamente ás cuestións que se propoñen, se formulan preguntas pertinentes ao tema, se realizan as actividades que se lle propoñen, se presta atención e toman apuntes de maneira autónoma, se traen todo o material necesario para o traballo de clase, no laboratorio valorarase ademais a organización e limpeza e o desempeño (realización, aplicación de coñecementos adquiridos e seguridade nas accións). Notas posibles: 10, 7.5, 5, 2.5, 0. O alumnado parte o inicio da avaliación cunha nota de cero neste apartado e segundo sexa o seu comportamento activo ou pasivo sobre a materia as notas serán as seguintes:
 - Alumnado que non participa nunca na clase nin para preguntar dúbidas nin para contestar as cuestións realizadas polo profesorado. 0.
 - Alumnado que participa en moi poucas ocasións, e que nunca contesta cuestións realizadas polo profesorado. 2,5.
 - Alumnado con participación intermedia. 5.
 - Alumnado que participa en moitas ocasións pero que non contesta ben na maioría das ocasións. 7,5

Produccións do alumnado

Caderno de clase (*Cad.*) e caderno de laboratorio (*Cad. labo.*)

- Caderno de clase (*Cad.*). O docente revisará a lo menos unha vez por avaliación o caderno individual de cada alumno, valorando a presentación, a organización e limpeza, os contidos, as actividades ao día, o formato e a corrección de erros.

Notas posibles: 10, 7.5, 5, 2.5, 0. O alumnado debe entregar o caderno na data límite que se indicará cunha semana de antelación como mínimo, aqueles que non o entreguen en tempo obterán unha nota de 0 neste apartado. Aquel alumnado que o entregue na data especificada parte cunha nota de dez, esta nota baixará nos seguintes casos:

- Presentación desordenada e chea de manchas -2,5.
- Ter intercaladas diferentes materias no mesmo caderno -2,5.
- Non ter feitos e corrixidos todos os exercicios obrigatorios e tomado todos os apuntes obrigatorios -2,5.
- Non ter feitos e corrixidos máis do 50% dos exercicios obrigatorios e non ter tomado máis do 50% dos apuntes obrigatorios -7,5.

A nota máxima que se pode restar ao dez inicial é dez, aínda que a suma das penalizacións sexa superior a dez.

- Caderno de laboratorio (*Cad. labo.*). A valoración do caderno de laboratorio está supeditada á posibilidade de acudir ao laboratorio debido á dispoñibilidade de material e á actitude do alumnado. Non será necesario ter un caderno específico, senón que chegará con destinar as últimas follas do caderno de clase a caderno de laboratorio. A revisión do caderno de laboratorio farase conxuntamente coa do caderno de clase (de ter obrigación de presentar este último) e os criterios de puntuación serán similares aos indicados para o caderno de clase. De existir ambos a nota final do caderno para a avaliación será a media numérica das notas obtidas en cada un deles.

8.2.2.- Criterios de cualificación e promoción do alumnado

A cualificación obtida en cada avaliación será calculada tendo en conta os seguintes puntos e valores de ponderación para cada curso:

1º ESO

- **Probos escritos e probos orais.** Valor de ponderación 75% da nota final da avaliación:
 - 70% probos escritos
 - 5% probos orais

- **Observación.** Valor de ponderación 12,5% da nota final da avaliación:
 - 5% traballo na aula
 - 5% traballo na casa
 - 2.5% interese pola materia

- **Caderno de clase e caderno de laboratorio.** Valor de ponderación 10% da nota final da avaliación (farase a media numérica da puntuación obtida entre os dous cadernos). **Traballo de investigación grupal.** Terá un peso do 2,5%. De non facerse nalgunha avaliación o traballo de investigación grupal ese 2.5% sumarase ao traballo na aula que pasará a ter un valor de ponderación do 7.5%.

3º ESO

- **Probos escritas.** Valor de ponderación 70% da nota final da avaliación.
- **Observación.** Valor de ponderación 15% da nota final da avaliación:
 - 5% traballo na aula
 - 5% traballo na casa
 - 5% interese pola materia
- **Producións do alumnado. Caderno de clase e caderno de laboratorio.** Valor de ponderación 10% da nota final da avaliación (farase a media numérica entre os dous cadernos). **Traballo de investigación grupal** 5%. De non facerse nalgunha avaliación, este 5% sumarase ao traballo na aula, que pasará a ter un valor do 10%.

4º ESO

- **Probos escritas.** Valor de ponderación 70% da nota final da avaliación.
- **Observación.** Valor de ponderación 15% da nota final da avaliación:
 - 5% traballo na aula
 - 5% traballo na casa
 - 5% interese pola materia
- **Caderno de clase e Caderno de laboratorio.** Valor de ponderación 10% da nota final da avaliación. Non se requirirá ter caderno de clase. 5% **Traballo de investigación grupal.** De non facerse nalgunha avaliación o traballo de

investigación grupal ese 5% sumarase ao traballo na aula que pasará a ter un valor de ponderación do 10%.

A cualificación de cada avaliación será a media entre as distintas probas realizadas ao longo da mesma, empregando as porcentaxes que se explicaron anteriormente. Non se fará media con notas inferiores a 3 sobre 10 na proba escrita.

Por conseguinte, a cualificación final será a media aritmética entre a nota obtida nas tres avaliacións.

Unha vez realizado ese cálculo para cada curso considérase aprobado aquel alumno/a que obteña unha nota igual ou superior a 5.

A non asistencia a algunha das probas escritas, así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas dos cadernos de clase, cadernos de laboratorio, traballos e proxecto grupal, debe ser xustificada, mediante xustificante médico ou similar de carácter oficial ou, se é o caso, mediante xustificación debidamente razoada e firmada polo/a pai/nai ou titor/a legal. A falta inxustificada a unha proba escrita, fará que na mesma o/a alumno/a reciba unha cualificación de 0. A non entrega e/ou exposición debidamente xustificada do caderno de clase, caderno de laboratorio, traballo ou proxecto grupal nas datas establecidas fará que no apartado correspondente reciba unha cualificación de 0 nesa avaliación.

Unha conduta de engano e suplantación de coñecemento, por calquera medio, durante unha proba escrita, na realización do caderno de clase e caderno de laboratorio, na realización de traballos ou no proxecto grupal, suporá a cualificación inmediata de 0 para esa avaliación no apartado correspondente.

8.2.3.- Recuperación de avaliacións pendentes

Para aqueles alumnos que sexan avaliados negativamente nalgunha avaliación realizarase unha proba escrita de recuperación, que será realizada tras a entrega de notas da avaliación pertinente, agás en xuño, que se realizará co exame final.

Ademais deberán entregar os traballos non presentados durante a avaliación.

Se aínda así non acadan o obxectivos, en xuño haberá unha proba escrita extraordinaria de recuperación na que só deberán presentarse ás avaliacións pendentes.

A nota obtida fará media co resto de notas do curso para achar a nota final. Se non superan esta proba poderán realizar unha proba global escrita en setembro, na cal o 100% será a nota da proba

A non asistencia a algunha das probas debe ser debidamente xustificada, mediante xustificante médico ou similar de carácter oficial ou, se é o caso, mediante xustificación debidamente razoada e firmada polo/a pai/nai ou titor/a legal. A falta inxustificada a unha proba fará que na mesma o/a alumno/a reciba unha cualificación de 0 e que manteña o suspenso da correspondente avaliación.

Unha conduta de engano e suplantación de coñecemento, por calquera medio, durante unha proba escrita de recuperación suporá a cualificación inmediata de 0 na mesma, e que manteña o suspenso da correspondente avaliación.

8.3. AVALIACIÓN FINAL

Para o cálculo da cualificación final na avaliación ordinaria de Xuño empregárase a media aritmética das notas finais exactas acadadas nas tres avaliacións, considerándose aprobados/as aqueles/as alumnos/as que acaden unha media igual ou superior a 5, teñan aprobadas como mínimo dúas avaliacións, e teñan na outra, como mínimo, unha cualificación de 3.

Os alumnos que non cumpran os requisitos anteriores para superar a materia deberán realizar unha proba escrita global en xuño, na que deberán recuperar as avaliacións pendentes. A proba será similar ás feitas durante o curso. A nota mínima para superar a proba é de 5. Ademais os alumnos deberán entregar o caderno, de ser o caso, e todos os traballos solicitados ao longo do curso e que non fosen entregados no seu debido momento. Se un alumno debe entregar o caderno ou traballos en xuño e non o fai, aínda que aprrobe as probas de recuperación de xuño a materia figurará pendente en xuño e deberá acudir a setembro a entregar o pendente, conservándose a nota de xuño se foi superior a 5, se foi inferior a 5 deberá presentarse á proba da materia completa en setembro.

8.4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Os alumnos que non teñan superado a materia na Avaliación Ordinaria de Xuño, poderán realizar unha proba escrita no mes de setembro que será cualificada sobre 10 puntos, aprobando aqueles alumnos que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5. A proba será similar ás feitas durante todo o curso, só que incluírá toda a materia traballada ao longo deste.

Unha conduta de engano e suplantación de coñecemento, por calquera medio, durante a proba escrita suporá a cualificación inmediata de 1.

8.5. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN E MATERIAS PENDENTES

Para os alumnos coa materia pendente de cursos anteriores establecerase un programa específico individual que inclúe a realización de traballos de recuperación. Entregarase un boletín de exercicios mensual con actividades e cuestións relativas as unidades correspondentes, que deberá ser entregado no mes seguinte. Este programa será comunicado aos titores e titor de pendentes para que llelo comuniquen ás familias e promovan a implicación destas no seguimento. Terá un seguimento trimestral nas sesións de avaliación.

Así mesmo faranse dúas probas escritas eliminatorias (unha en febreiro e outra en maio), que versarán sobre os contidos traballados nas actividades sendo similares ás comentadas no apartado 7.2.1. Cada unha delas será puntuada de 0 a 10. Para superar as probas escritas a cualificación mínima é de 5 puntos en cada unha. No caso de suspender algunha destas probas haberá un exame final en maio no que entrarán as partes non superadas.

Para a cualificación final da materia pendente ponderarase a nota das probas escritas facendo a media numérica de ambas e valoraranse os traballos realizados ao longo do curso, de xeito que os valores de ponderación serán do 80% a media das probas escritas e do 20% a media dos traballos realizados.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

9.1. MEDIDAS ORDINARIAS

As medidas ordinarias que cabo mencionar desde o punto de vista **organizativo** do centro son as seguintes:

- Dentro da estrutura organizativa do centro ou da aula non se acordou diferenciar tempos, nin horarios específicos, nin espazos diferenciados.
- Para os posibles alumnos con ACI deseñaranse algúns materiais e recursos didácticos diferenciados, naquelas unidades que así o requiran en función das necesidades que se vaian detectando.
- Neste curso o grupo de 3º da ESO desdobrase, o que permite unha maior atención á diversidade.
- Non se fai reforzo ou apoio fóra da aula a ningún alumno en Bioloxía e Xeoloxía.
- Na aula de 1º de ESO entrará un profesor de apoio dous días a semana (un dos días o profesor de educación física e outro a profesora de francés) para axudar os alumnos e alumnas que así o requiran.
- Para os alumnos enviados á aula de convivencia propónse a realización de tarefas encargadas polo profesor correspondente.

As medidas ordinarias propostas desde o punto de vista **curricular** son as seguintes:

- Non se fai algunha modificación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
- Se fose necesario adaptaríanse os tempos e instrumentos de avaliación para algún alumno.
- Para o alumnado repetidor non existe un programa específico, senón que se propoñerán actividades novas e diferentes do curso anterior coa finalidade de motivalo.
- Para os alumnos enviados á aula de convivencia propónse a realización de tarefas encargadas polo profesor correspondente.

9.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

As medidas extraordinarias que se levarán a cabo desde o punto de vista **organizativo** son as seguintes:

- No centro non hai ningún grupo de adquisición de linguas xa que todo o alumnado. En 4º da ESO hai un alumno estranxeiro, sen embargo, non presenta dificultades significativas para poder seguir a clase en galego. Aínda así, estaremos pendente ó longo do curso, facilitándolle material en castelán, de ser necesario.
- Non existe ningunha outra medida organizativa como escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.

En canto ás medidas extraordinarias propostas desde o punto de vista **curricular** cabe mencionar o seguinte:

- En Bioloxía e Xeoloxía non existe ningunha Adaptación Curricular Individualizada no momento de elaborar a presente programación didáctica.
- Non existe ningún Programa de Mellora do Aprendizaxe ou Rendemento (PMAR).
- Non se flexibilizou o período de escolarización para ningún alumno.
- O docente coordinarase coa especialista en PT e coa orientadora do centro para deseñar as posibles ACI ou apoios educativos que puideran xurdir ó longo do curso. Ademais, prestará atención ao resto de alumnos de tódolos grupos e se xorden dúbidas con respecto ás medidas a tomar cun determinado alumno comunicarallo ao titor e ao departamento de orientación. Deste xeito, colaborando de forma conxunta, intentaranse abordar as medidas pertinentes para o seu óptimo desenvolvemento educativo, como poden ser unha adaptación curricular individualizada (ACI), un reforzo educativo (RE), ou unha flexibilización do currículo.

10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

1. **Comprensión lectora, oral e escrita:** traballo con textos do libro e da prensa diaria.
2. **Comunicación audiovisual:** interpretación de táboas, imaxes e gráficos.
3. **Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación:** busca de información en internet e outros medios.
4. **Educación cívica e constitucional:** adquisición dunha conciencia ecolóxica , de emprego responsable dos recursos e de respecto os seres vivos.
5. **Emprendemento:** deseño de experimentos e resolución autónoma de exercicios do día a día.
6. **Valores persoais:** adquisición de conciencia sobre o coidado da propia saúde e o coidado do medio ambiente.

11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

COMPLEMENTARIAS

E

No momento de elaboración da presente programación didáctica aínda non se teñen previsto realizar ningunha actividade extraescolar. Aínda así, se durante o curso escolar 2018-2019 xurdira algunha actividade extraescolar podería levarse a cabo. Ademais o departamento poderá colaborar nas actividades complementarias e extraescolares que aparecen relacionadas na PXA do centro de ser necesario.

12. CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

12.1. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

As finalidades do **Proxecto Lector** poden resumirse en dúas:

- Fomentar a lectura entre o alumnado.
- Fomentar o uso das bibliotecas.

O **Proxecto Lingüístico** busca fomentar o uso da lingua galega. Dado que a materia de Bioloxía e Xeoloxía se imparte en galego, tal e como se indica no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, fomentárase o uso desta lingua ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe. Polo tanto nesta materia estimularase a comunicación oral e a escrita en galego, velando pola corrección e eficacia na expresión oral e na escrita en lingua galega así como en castelán. Ademais cando sexa necesario utilizaranse materiais en castelán e en linguas estranxeiras, especialmente inglés.

Tentarase contribuír ao Proxecto Lector, así como ao Proxecto Lingüístico, na materia de Bioloxía e Xeoloxía, nos diferentes cursos da ESO, por medio da seguinte metodoloxía:

- Lectura de diferentes textos na aula, tanto do encerado dixital como do libro da materia. Elaboración de mapas conceptuais e esquemas a partir destas lecturas.
- Fomento da interpretación correcta de tódolos exercicios que se fagan, incluídos os de reforzo, ampliación, repaso e avaliación.
- Realización de actividades de procura de información en libros e en internet, orientando ao alumnado nos criterios a seguir na mesma.
- Análise crítica de artigos científicos de actualidade aparecidos na prensa diaria, tanto escrita como *online*, relacionados con contidos da materia.
- Alén disto, proporemos a principio de curso unha listaxe de libros, relacionados con contidos da materia e que poidan resultar atractivos para os estudantes. Poderán lelos de xeito voluntario, sen ter valor algún na cualificación. Os títulos propostos serán os seguintes:
 - ✓ 1º ESO: “*Mi familia y otros animales*” (Gerald Durrell), “*Bichos y demás parientes*” (Gerald Durrell), “*El hombre que plantaba árboles*” (Jean Giono), “*La ecología a tu alcance*” (Francois Michel), “*Amenaza en la Antártida*” (Ramón Caride Ogando y “*¿Por qué la nieve es blanca?*” (Javier Fernández Panadero).

- ✓ 3º ESO:), “*Ojos de Pantera*” (Silvia Aimerich), “*Hello Dolly!*” (Fransec Murgados), “*Endogamia*” (Ramón Caride Ogando), “*El diario rojo de Carlota*” (Gemma Lienas), “*Hamburguesa de mamut*” (Rut Fraile).
- ✓ 4ª ESO: “*El viaje de la evolución*” (Vicente Muñoz Puelles), “*Ojos de Pantera: para entender la genética humana*” (Silvia Aimerich), “*Cien preguntas básicas sobre ciencia*” (Isaac Asimov), “*La especie elegida*” (Juan Luis Arsuaga/Ignacio Martínez), “*101 grandes experimentos. La ciencia paso a paso*” (N. Ardley) y el “*El collar del neandertal*” (Juan Luis Arsuaga).

12.2. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC's)

A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación ou TIC's ten varios obxectivos:

- Capacitar aos estudantes para realizar unha busca eficaz da información relacionada coa materia, ampliar os seus coñecementos, resolver dúbidas mediante o emprego dos buscadores máis eficaces en cada caso.
- Facilitar a autoaprendizaxe e a capacidade de aprender a aprender.
- Motivar ao alumnado incorporando recursos coñecidos por eles.
- Visualizar diferentes contidos o que posibilita mellorar a súa comprensión.

Tentarase fomentar o uso das TIC's entre o alumnado da materia de Bioloxía e Xeoloxía, nos diferentes cursos, por medio da seguinte metodoloxía:

- Utilización do canón de proxección e do encerado dixital para traballar parte dos contidos da materia.
- Utilización de recursos didácticos en formato dixital nas distintas aulas, como por exemplo presentacións en *PowerPoint*, vídeos de *Youtube*, traballo con *Google Earth*, visualización de DVDs e simulacións variadas, etc.
- Procura de información en internet na propia aula e na aula de informática, orientada e supervisada polo profesor.
- Elaboración de traballos por parte do alumnado en formato dixital, coa finalidade de incrementar a súa competencia no manexo do software necesario.
- Fomentarase o uso de programas de software libre e enciclopedias abertas e colaborativas (wikis).

- Consulta de páxinas web de interese relacionadas coa ciencia (por exemplo: <http://recursos.cnice.mec.es/biosfera>).
- Aproveitarase para concienciar sobre a adquisición de condutas responsables no tocante ao aforro de enerxía e aos hábitos saudables relacionados co uso das TIC's.
- Utilización do libro dixital EDIXGAL en 1º da ESO.

12.3. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Este plan, ao que se fai referencia no *Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar*, busca mellorar a convivencia. Contribuirase sempre a mellorar a convivencia tanto dentro das diferentes aulas que se utilicen para a materia de Bioloxía e Xeoloxía, como no resto do centro, fomentando o respecto entre o alumnado e todo o persoal do centro e alleo a el que nos visite. Por exemplo tentarase resolver de xeito pacífico calquera posible conflito que poida xurdir ao longo do curso.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

13.1. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Ademais de avaliar o proceso ensino-aprendizaxe, valorarase tamén o noso papel como docentes. Para iso, teremos en conta distintos aspectos como a organización e coordinación co resto de profesores, a planificación das tarefas, a dotación e distribución de recursos materiais (os materiais empregados foron os adecuados? As actividades foron significativas?), o tempo ou a atención á diversidade foron correctos? Para avaliar todo isto entregarase ó remate de cada avaliación cuestionarios ós alumnos e alumnas, no cal a través de certas preguntas, avaliarán, de xeito anónimo, a nosa práctica, para poder corrixir os erros, no caso de ser necesario. Para a elaboración do cuestionario, que pode verse a continuación, empréganse os seguintes indicadores de logro:

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das				

probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

En función dos resultados obtidos realizaranse os axustes pertinentes, como poden ser: modificacións metodolóxicas, adecuación dos obxectivos e contidos ao nivel dos alumnos, baseándose sempre na normativa legal vixente, para suplir as carencias detectadas co propósito de contribuír ao enriquecemento educativo do alumnado.

13.2. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

De xeito periódico, analizarase o grao de avance da materia, en relación coa programación, así como diversos cambios propostos para adaptarse ás necesidades educativas da aula. Cada avaliación revisarase o seguimento adecuado da programación didáctica, sobre todo analizando os resultados obtidos polo alumnado na avaliación. Por outra banda, na memoria fin de curso, reflexarase os contidos impartidos, cambios propostos para sucesivos cursos ou problemas o poñer en práctica o acordado nela. Finalmente, darémolles resposta ao cuestionario final de curso, que será incluído na memoria de departamento :

Avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para				

superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asíciouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
12.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
13.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
14.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
15.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
16.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
17.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
18.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
19.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
20.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
21.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
22.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
23.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
24.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?				
25.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
26.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
27.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción?				
28.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
29.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
30.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

No caso de detectar algún desfase intentarían adecuarse os tempos para intentar corrixilo. Por exemplo se o avance de unidades foi demasiado lento poderá eliminarse algún contido sempre que non sexa dos mínimos esixibles legalmente. Cabe sinalar que o presente documento debe entenderse como algo flexible, como unha guía de traballo que tentará adaptarse á realidade da aula, e aberto, xa que permitirá incorporar modificacións sobre a marcha do curso e facer os axustes precisos coa finalidade de mellorar e optimizar a calidade do proceso de ensino - aprendizaxe.

14. DATOS DO DEPARTAMENTO

Durante o curso escolar 2017-2018 o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía é unipersoal, constituído por D^a. María Gómez Boán (Xefa de Departamento), que impartirá as áreas de: Bioloxía e Xeoloxía (1º, 3º e 4º da E.S.O.) e agrupamento Matemáticas (2º E.S.O.). Completará o horario coa titoría do grupo de 1º da E.S.O., coa Xefatura do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e con gardas. O reparto de grupos é o seguinte:

Materia	Curso	Grupo	Docente
Bioloxía e Xeoloxía	1º E.S.O.	A	María Gómez Boán
Matemáticas (agrupamento)	2º E.S.O.	A	María Gómez Boán
Bioloxía e Xeoloxía	3º E.S.O.	A	María Gómez Boán
Bioloxía e Xeoloxía	4º E.S.O.	A	María Gómez Boán

Xanceda, a 17 de setembro de 2018

A xefa de Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Asdo.: María Gómez Boán